**18.00 h. Obradoiro: Aprende a facer un paquetiño**

Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
Espazo infantil do Mercado de Nadal  
De balde ata completar capacidade

✱ **18.00 h. Obradoiro de danzas de Reis, con Artur Puga**

Carpa Roxa  
Público xove e adulto  
De balde ata completar capacidade  
Info: páxina 32

✱ **18.00 h. Contos no Nadal, de Vero Rilo**  
Público familiar  
CSC Busto  
De balde ata completar capacidade

✱ **18.00 h. Concerto singular, de Piscore**  
Público familiar  
CSC Laraño  
De balde ata completar capacidade

✱ **19.00 h. Visita Paxe de Nadal**  
Público familiar  
CSC Laraño  
De balde ata completar capacidade

✱ **20.30 h. El Cascanueces, co Tchaikovsky National Ballet**  
Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia  
Info: [palaciosantiago.com](http://palaciosantiago.com)

**SÁBADO 3** ——— ✱

✱ **12.00 h. Obradoiro: Tarxeta para os Reis**  
Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
Espazo infantil do Mercado de Nadal  
De balde ata completar capacidade

✱ **13.00 h. Son Vermú con Law**  
Carpa Roxa  
De balde ata completar capacidade  
Info: páxina 36





- ✱ **17.00 a 20 h. Ruleta de agasallos**  
#EuMercoAquí  
Carpa da Alameda  
De balde ata fin de existencias (compra mínima 5€)  
Info: páxina 26

- ✱ **18.00 h. Obradoiro: Prepara o sobre para os Reis**  
Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
Espazo infantil do Mercado de Nadal  
De balde ata completar capacidade

- ✱ **19.00 h. Concerto Corais. Coto da Nai, Crecente, Santa Susana, La Salle, Harmonía Stellae**  
Todos os públicos  
Teatro Principal  
Entrada libre ata completar capacidade

## DOMINGO 4

- ✱ **12.00 h. Concerto de Reis, da BMSC**  
Todos os públicos  
Teatro Principal
- ✱ **12.00 h. Obradoiro: Tarxeteiro de árbore**  
Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
Espazo infantil do Mercado de Nadal  
De balde ata completar capacidade
- ✱ **18.00 h. Eh!.. Domingo: Bingo musical Especial Reis, de Colectivo do Flow**  
Todos os públicos  
Carpa Roxa  
De balde ata completar capacidade  
Info: páxina 24

- ✱ **18.00 h. Obradoiro: Deseñando o teu Rei**  
Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
Espazo infantil do Mercado de Nadal  
De balde ata completar capacidade

- ✱ **19.00 h. Concerto Corais. Obradoiro de voces Libredón, Voces de Compostela, Amigos do Castiñeiriño, Ponte Mantible, Alegría de Compostela, Asubío**  
Todos os públicos  
Teatro Principal  
Entrada libre ata completar capacidade

- ✱ **20.00 h. Ano Novo, con Ainhoa Arteta**  
Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia  
Info: palaciosantiago.com

## LUNS 5

- ✱ **17.30 h. Cabalgata de Reis**  
Saída da praza Nosa Señora da Mercé de Conxo
- ✱ **19.30 h. Recepción Real**  
Pazo de Raxoi
- ✱ **20:30 h. Concerto de Reis - A Cincenta, da RFG**  
Público adulto  
Auditorio de Galicia  
Info e entradas: compostelacultura.gal

## MARTES 6

- ✱ **20:30 h. Concerto de Reis - A Cincenta, da RFG**  
Público adulto  
Auditorio de Galicia  
Info e entradas: compostelacultura.gal





# ESTELARES DO NADAL

## COMPOSTELA PRENDE O NADAL

28 de novembro

O Nadal póusase en Compostela da man da Cia Duelirium. Elas serán as encargadas de facer maxia no acendido compostelán.

Contarán coa compañía de Pistacatro e agrupacións tradicionais Colexiata de Sar e Os Enxebres de San Lázaro.

18.30 h. Ruada de Nadal coa agrupación folclórica Colexiata do Sar desde o Mercardo de Nadal.

18.30 h. Ruada de Nadal coa agrupación Os Enxebres de San Lázaro desde a Porta do Camiño.

19.00 h. Espectáculo sorpresa a cargo de Duelirium e Pistacatro na praza do Obradairo.

## EH!.. DOMINGO!

A Carpa Roxa échese de música e de baile para gozar dos domingos composteláns. Dende o domingo 7 de decembro ata o 4 de xaneiro a diversión está asegurada para todas as persoas que se acheguen á praza Roxa.

### Discoteca de señoras... e señores tamén!

Da man da bailarina e directora escénica Marta Alonso adentrarémonos nun espectáculo, festa e sesión de danza participativa que non deixará indeferente a ninguén. Unha pista de baile conducida por Marta Alonso e amenizada por Camille o 7 de decembro e por Señora DJ o 28 de decembro.  
>> Ambas as sesións son ás 18.00 h

### Os inconfundibles... Eva e Camilo

Este coñecido dúo fará as delicias de todas as persoas que se acheguen á Carpa Roxa. Traede as vosas mellores galas que o baile está asegurado.  
>> 14 de decembro ás 18.00 h.

### Bingo musical...

Imos a por línea... e a por bingo! Pero para conseguilo teremos que saber de que canción estamos a falar... e cantala! Individual, por parellas ou en equipo... todas somas benvidas.

>> Bingo musical... Especial lotería:  
21 de decembro ás 18.00 h

>> Bingo musical... Especial Reis:  
4 de xaneiro ás 18.00 h





## ESTRELAS E DESEXOS

**30 de decembro**

De 17.00 a 20.00 h no Palco da Música da Alameda

Todos os bos sentimentos para o vindeiro ano serán pendurados pola veciñanza na nosa tradicional árbore de Estrelas e Deseños. Poderán brindar con chocolate con churros e gozar da música e das risas do espectáculo Orquestra de Malabares de Pistactro.

## X CARREIRA DE SAN SILVESTRE

**31 de decembro**





XI edición da derradeira proba deportiva do ano en Santiago de Compostela.

>> Saída ás 17.00 h desde a praza do Obradoiro

## CABALGATA DE REIS

**Saída da praza Nosa Señora da Mercé de Conxo ás 17.30 h**

Unha das noites máis máxicas do ano comezará co percorrido das súas maxestadas os Reis Magos polas rúas de Compostela e finalizará coa recepción da cativada que queira achegarse ao Pazo de Raxoi.





# RULETA EU MERCO AQUÍ

**MERCAR EN SANTIAGO TEN PREMIO!**  
**Participa na ruleta *Eu Merco Aquí* -**  
***Compostela a Estrela do Nadal* e obtén**  
**agasallos directos.**

>> Sábado 13 de decembro ás 17.00 h  
na praza Roxa

>> Sábado 3 xaneiro ás 17.00 h na carpa  
de Alameda en xogo

## CONDICIÓN

A ruleta de agasallos instálase na praza Roxa o sábado 13 de decembro de 2025, e o sábado 3 de xaneiro de 2026 na carpa de Alameda en xogo. Funcionará en horario de 17.00 a 20.00 h, agás esgotamento previo dos agasallos existentes.

Poden participar todas as persoas maiores de 16 anos que presenten un ticket de compra do pequeno comercio de Santiago de importe igual ou superior a 5 €, realizada entre: o 7 e o 13 de decembro de 2025 (para trocar na ruleta do día 13 de decembro), o 28 de decembro de 2025 e o 3 de xaneiro de 2025 (para trocar na ruleta do día 3 de xaneiro).

Non se admitirán máis de 2 tickets dun mesmo establecemento por persoa participante.

Un ticket dá dereito a unha tirada na ruleta *Eu Merco Aquí*. Cada persoa dispón dun límite de 3 premios.

A ruleta contén casas con premio e outras casas de sigue xogando.

Ao caer nunha casa premiada, a persoa gañadora obterá un premio directo, que recibirá de acordo coas instrucións do persoal do posto habilitado para tal fin na praza Roxa ou na carpa da Alameda en xogo, no horario do concurso. Os premios consisten en agasallos. Os premios non poderán trocarse por diñeiro en efectivo.

Para a recollida do premio, a persoa gañadora deberá amosar o seu documento de identidade á organización. Se non o tivese nese momento, poderá achegalo ao posto habilitado na praza Roxa ou na carpa da Alameda en xogo, ata o mesmo día do xogo ás 20.00 h, e retirar así o premio que escolla nese momento. Non obstante, non se realizarán reservas de premios, polo que a persoa gañadora escollerá e retirará o seu premio no momento da mostra do seu documento de identidade á organización. Isto farase entre os premios dispoñibles nese momento, existindo o risco de que todos os premios se tivesen esgotado previamente, o que implicará a perda do dereito á elección e recollida do premio. Do mesmo xeito, a mostra do documento de identidade posteriormente ás 20.00 h do día do xogo tamén implicará a perda do dereito á elección e recollida do premio.



A persoa gañadora poderá escoller entre os agasallos dispoñíbles. Para tal efecto, os agasallos clasifícanse en tres categorías de cores que se identifican co seu valor. Deste xeito, a persoa gañadora poderá escoller o premio que desexe, dentro da categoría de agasallo que lle corresponda. As categorías de cores dos agasallos, establecidas en función do importe do seu ticket de compra, son as que seguen:

- Agasallo amarelo para compras iguais ou superiores a 5 € e inferiores a 20 €.
- Agasallo marrón para compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 50 €.
- Agasallo verde para compras iguais ou superiores a 50 €.

O Concello de Santiago resérvase o dereito a rexeitar calquera participación que non se axuste a estas regras ou que sexa considerada fraudulenta. As súas decisións serán inapelables.

Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e copiados coa única finalidade da xestión deste concurso. Serán eliminados tras finalizar o prazo de caducidade mencionado anteriormente.

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.



Departamento  
de Comercio

**Máis información en:**

Departamento de Comercio do Concello  
de Santiago de Compostela  
[comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal)

# VIVE O NADAL NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

## PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

**Para os obradoiros e actividades que se desenvolven en zona rural**, CSC Sar e CSC A Rocha chamando á Casa das Asociacións T. 981 54 23 50 de luns a venres de 9.30 a 13.30 h

**Para os obradoiros dos barrios, chamando ao CSC de referencia:**

- CSC Vite, Casa Agraria e As Cancelas: 981 542 490
- CSC Conxo, A Rocha, Sar e Pontepedriña: 981 528 740
- CSC O Ensanche e Cardeal Quiroga: 981 543 001
- CSC Santa Marta e San Lourenzo: 981 543 017
- CSC As Fontiñas, Amio e Almaciga: 981 528 750
- CSC O Castiñeiriño: 981 542 459
- CSC Romaño, Antón Fraguas e Brañas de Andrés: 981 543 005
- CSC Cornes: 981 542 350
- CSC A Trisca: 981 543 191
- CSC Maruxa e Coralia: 981 542 456

## OBRADOIROS PARA A CATIVADA

Público infantil (máis de 6 anos, cativada de menos 5 anos acompañada)  
Prazas: 25, con inscrición previa


### >> COCIÑA INFANTIL

**Actividade para cativada na que aprender a elaborar receitas típicas do Nadal e colaborar na elaboración dos menús familiares.**

- CSC Vite  
10 de decembro de 18.00 a 19.15 h
- CSC Conxo  
13 de decembro de 12.00 a 13.15 h
- CSC O Romaño  
19 de decembro de 18.00 a 19.15 h
- CSC A Peregrina  
22 de decembro de 18.15 a 19.30 h
- CSC As Fontiñas  
23 de decembro de 18.00 a 19.15 h
- CSC O Castiñeiriño  
30 de decembro de 18.00 a 19.15 h

### >> OBRADOIROS CREATIVOS

**Obradoiros artísticos nos que podemos crear desde un monicreque de fíos do Apalpador, un peto coa cara do Apalpador, un cabaliño do demo con ás de acetato ou un axóuxere para decorar a árbore de Nadal.**





- CSC O Romão: Peto de feltro  
16 de decembro de 18.00 a 19.15 h
- CSC Casa Agraria: Cabaliño do demo  
17 de decembro de 18.00 a 19.00 h
- CSC Nemenzo: Peto de feltro  
20 de 11.30 a 12.45 h
- CSC Vidán: Peto de feltro  
20 de decembro de 17.30 a 18.45 h
- CSC Santa Marta: Cabaliño do demo  
22 de decembro de 11.00 a 12.00 h
- CSC de Figueiras: Cabaliño do demo  
22 de decembro de 18.00 a 19.00 h
- CSC Santa Marta: Axouxere  
23 de decembro de 11.00 a 12.00 h
- CSC O Ensanche: Monicreque  
22 de decembro de 18.00 a 19.30 h
- CSC Bando: Monicreque  
23 de decembro de 18.30 a 20.00 h
- CSC San Lourenzo: Monicreque  
3 de xaneiro de 17.30 a 19.00 h

## OBRADOIRO EXPRÉS PARA A CATIVADA OU EN FAMILIA

**Obradoiros rápidos e sinxelos nos que  
realizar doadamente diversos adornos  
para decorar a árbore ou o fogar.**

Público familiar (máis de 6 anos,  
cativada de menos 5 anos acompañada)  
Prazas: 50

- CSC Casa Agraria  
4 de decembro ás 17.30 h
- CSC Conxo  
5 de decembro ás 17.30 h
- CSC A Lavacolla  
11 de decembro ás 18.00 h
- CSC Marrozos  
12 de decembro ás 18.00 h
- CSC Vite  
15 de decembro ás 18.00 h

- CSC O Romão  
16 de decembro ás 19.00 h
- CSC O Romão  
17 de decembro ás 18.30 h
- CSC Eixo-Bornais  
18 de decembro ás 18.00 h
- CSC Amio  
19 de decembro ás 17.30 h
- CSC A Gracia  
23 de decembro ás 18.30 h

## OBRADOIROS DE NADAL PARA PERSOAS ADULTAS

### >>PETISCOS DE NADAL

**Elaboración de entrantes de Nadal para  
sorprender nestas festas.**

Público adulto

Duración: 90 minutos

Prazas: 12, con inscrición previa

- CSC das Fontiñas  
10 de decembro ás 17.00 h
- CSC de Grixoa  
11 de decembro ás 19.00 h
- CSC O Romão  
12 de decembro ás 19.00 h
- CSC Vite  
16 de decembro ás 18.00 h
- CSC Marantes  
16 de decembro ás 18.30 h
- CSC Gracia  
16 de decembro ás 19.30 h
- CSC Sar  
17 de decembro ás 18.00 h
- CSC Nemezo  
17 de decembro ás 18.30 h
- CSC A Almáciga  
19 de decembro ás 19.00 h
- CSC Verdía  
22 de decembro ás 18.30 h
- CSC A Rocha  
23 de decembro ás 18.00 h





## **>> OBRADOIRO DE CENTROS DE MESA**

### **Realización de centros de mesa utilizando elementos naturais.**

Público adulto

Duración: 120 minutos

Prazas: 12, con inscrición previa

- CSC Vite  
9 de decembro ás 18.00 h
- CSC A Lavacolla  
10 de decembro ás 18.30 h
- CSC Conxo  
12 de decembro ás 12.00 h
- CSC O Romaño  
15 de decembro ás 18.00 h
- CSC Maruxa e Coralia  
16 de decembro ás 12.00 h
- CSC Laraño  
16 de decembro ás 19.00 h
- CSC San Xulián de Carballal  
17 de decembro ás 19.00 h
- CSC Santa Marta  
18 de decembro ás 18.30 h
- CSC Cardenal Quiroga  
19 de decembro ás 17.00 h
- CSC A Rocha  
20 de decembro ás 11.30 h
- CSC Amio  
22 de decembro ás 18.00 h
- CSC O Castiñeiriño  
23 de decembro ás 18.00 h
- CSC As Fontiñas  
2 de decembro ás 17.00 h

## **>> OBRADOIRO DE VELAS E XABÓN**

### **Aprendemos a elaborar xabón e a facer velas coas que agasallar e sorprender nestas datas de Nadal.**


Público adulto

Duración: 60 minutos

Prazas: 12, con inscrición previa

- CSC As Fontiñas  
15 de decembro ás 17.00 h

- CSC Brañas de Andrés  
15 de decembro ás 19.00 h
- CSC Enfesta  
16 de decembro ás 18.30 h
- CSC Conxo  
16 de decembro ás 18.30 h
- CSC O Castiñeiriño  
16 de decembro ás 18.00 h
- CSC A Peregrina  
16 de decembro ás 19.00 h
- CSC Figueiras  
17 de decembro ás 18.00 h
- CSC Amio  
18 de decembro ás 18.00 h
- CSC Santa Marta  
19 de decembro ás 18.30 h
- CSC Maruxa e Coralia  
22 de decembro ás 17.30 h
- CSC Lamasca  
22 de decembro ás 19.00 h
- CSC Enfesta  
23 de decembro ás 17.00 h
- CSC Aríns  
29 de decembro ás 17.30 h
- CSC Santa Cristina de Fecha  
7 de xaneiro ás 18 h
- CSC Vite  
9 de xaneiro ás 17.30 h





## FESTIVAL DE NADAL

★ **FEIRA CREATIVA DE AGASALLOS GALEGOS DE NADAL** CON PIANO MÁXICO, ESPAZO FAMILIAR E GARDERÍA LUDOTECA, OBRADOIROS CREATIVOS E MUSIQUÍNAS POP-UP NA HOSPEDERÍA SAN MARTÍN PINARIO ★ **ZONA FOODTRUCK CON DJS** NA PRAZA 8 DE MARZO ★ **ESPAZOS "A PAISAXE QUE SABE"** > DEPUTACIÓN DA CORUÑA: CARPA CON MARCAS ARTESANAIS E AGROALIMENTARIAS E BUS DE DOUS PISOS CON SHOWCOOKINGS NA PRAZA 8 DE MARZO E CORREDOR DE BONAVAL ★ **ESPAZO ESTRELEIRO** CON XOGO DA OCA XIGANTE E EMPAQUETADO DE AGASALLOS NA PRAZA DE CERVANTES ★ **CONCERTOS E XOGOS MUSICAIS** NA PISTA CUBERTA DO CX DON BOSCO COAS ACTUACIÓNS DE TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO, IGMIC, SAIBRÁN, ULEX, MONTEDAPENA, ANTELA, MARICARME, SHEILA PATRICIA E ZALOMON GRASS, BINGO ESTRELEIRO, RETROKARAOKE E O XOGO DAS CADEIRAS FOLIADEIRAS **ADEMÁIS** VISITAS GUIADAS E MOITAS SORPRESAS!

UN PROXECTO DE



INTERMEDIAR



PARTECIPAN TAMÉN



COLABORAN





# MÁIS NADAL NA CARPA ROXA



Con ganas de máis? A programación na Carpa Roxa non para. Enchemos as fins de semana e as vacacións escolares con actividades para todos os públicos. Obradoiros, espectáculos e cinema. Todo podo ser posible na Carpa da praza Roxa.

## **COLECTIVO FLOW... ESPECIAL NADAL**

Algunha vez pensaches en que pensa un lagostino cando se achega a noite de Nadal? Estará nervioso, asustado...? E o caganer? Comerá cirolas a noite antes para estar á altura?

O Colectivo do Flow, no seu especial de impro de Nadal, non esquece os pequenos detalles e quere darlle voz a alimentos, adornos e figuríñas para que contén, con voz propia, cómo é formar parte dunha festa universal non sendo máis que decorado.

>> 5 de decembro ás 18.00 h

>> 27 de decembro ás 18.00 h

## **CARPA CON MAXIA**

O Nadal é maxia, e aínda máis da man de Dani Polo e do Mago Rafa. Dous espectáculos para público familiar:

>> 6 de decembro ás 18.00 h: Dani Polo

>> 14 de decembro ás 12.00 h: Mago Rafa

## **MONICREQUES CON BABALUVA**

Compañía compostelá que leva dende 2008 facendo teatro de monicreques para a cativada e presenta dúas novas propostas:

>> 30 decembro ás 12.00 h: Tita  
Esta proposta amósanos a dificultade de xestionar as nosas emocións co obxectivo de enfrontalas cara a cara para gozar de harmonía emocional.

>> 31 decembro ás 12.00 h: Lume  
Dúas titiriteiras recrean un bosque e os seus animais para contar esta historia de sensibilización medioambiental.

## **MÚSICA... CATIVADA!**

Dúas propostas musicais para a cativada e as súas familias amenizarán dúas xornadas musicais na Carpa Roxa.

## **JINGLE JAZZ**

Suzukiños presentan Músicas do Nadal de todas partes do mundo para vivir a época máis máxica do ano. Lucas, lazos e un chisco de jazz... Acompañados pola súa banda, o grupo Suzukiños envolve o público cos temas favoritos e máis coñecidos do Nadal.

>> 21 de decembro ás 12.00 h

## **CONCERTO ESPECIAL DE NADAL**

Broken Peach interpretará as súas versións máis coñecidas do Nadal. O





grupo vigués aterra en Compostela para encher a Carpa Roxa de moita música e non deixarán indeferente o público.

>> 23 de decembro ás 18.00 h

### **OBRADOIROS DE CREACIÓNS DE NADAL**

Deseñar os adornos máis persoais para a decoración do Nadal, escribir cartas ao Apalpador, ou fabricar monicreques. Na Carpa Roxa hai propostas para todos os gustos!

>> 7 decembro de 12.00 a 13.30 h:

Creación de monicreque  
15 crianzas con acompañamento dunha persoa adulta crearán un monicreque a partir de obxectos cotiáns.

>> 8 decembro a partir das 12.00 h:

Adornos de Nadal  
Da man do Faiado de Nim, as familias poderán crear adornos de Nadal segundo vaian chegando á carpa ata a fin de existencias.

>> 22 decembro ás 12.00 h: Cartas ao

Apalpador  
Coa axuda de Séchu Sende escribiremos as mellores cartas e desexos para o Apalpador ao mesmo tempo que descubrimos máis sobre esta personaxe de Nadal.

>> 23 decembro ás 12.00 h: Creación de adornos de Nadal

Grazas á Semente, 20 crianzas poderán crear os seus propios adornos.

>> 24 decembro a partir das 12.00 h:

Variñas de estrelas  
O Faiado de Nim axudaranos a crear as mellores varas de estrelas de 8 puntas para repartir os mellores desexos nestas

datas. As familias poderán achegarse á carpa ata fin de existencias.

### **BAILA E DANZA CON ARTUR PUGA**

Cunha experiencia de máis dunha década como docente, intérprete e director, Artur Puga dedicará dúas xornadas a ensinar os nosos bailes dun xeito vivo e participativo.

>> 20 de decembro ás 18.00 h

Obadoiro de Baile tradicional e foliada cos Enxebres de San Lázaro.

>> 2 de xaneiro ás 18.00 h

Obradoiro de Danzas de Reis.

### **LUCES, CURTAS... NADAL**

Programación de curtas de Nadal. Unha escolla de curtametraxes para público infantil e outra de curtas galegas proxectaranse nunha pantalla de cinema. Poderase entrar, sair, ver unha, ver todas... collede asento e gozade do cinema no Nadal.

### **>> 22 de decembro de 18.00 a 20.00 h Curtametraxes infantis**

Curtametraxes cargadas de aventuras sorprendentes, emocións e moita, moita neve! Para estes días de finais de ano nos que aproveitamos para parar e apreciar o valor da familia e os seres queridos.

—*Operación Papá Noel* (Opération Père Noël), Marc Robinet, Francia, 28', 2021  
William, de 10 anos, vive nunha enorme mansión cos seus pais millonarios, case sempre ausentes. Acostumado a telo todo, pide un agasallo moi particular para este Nadal: ao propio Papá Noel en persoa.





—A zorra (Belchonok i sanki), Olesya Shchukina, Rusia, 2016, 4'19" sen diálogos.

Un día de inverno, mentres a súa nai está fóra, un esquíu inqueda e curioso fará un descubrimento do máis emocionante.

—*Aurora boreal* (Au pays de l'aurore boréale), Caroline Attia, Francia, 15', 2019

Colin vive no Polo Norte co seu avó Karl. Durante a época de cazar narvais, o avó parte coa súa casa zorra e deixa a Colin ao cargo da súa tía. Pero un malentendido de última hora, fará que Colin se vexa arrastrado pola aventura e acabe vivindo unha viaxe transformadora.

—*Merry Grandmas!*, Natalia Mirzoyan, Rusia, 2019, 8'07"

Masha quere ir á festa de Noitevella cos seus pais, pero deciden deixala coa súa avoa. A cativa pasará a noite rodeada de señoras maiores, moito máis marchosas e enérxicas do que esperaba.

## >> 28 de decembro de 18.00 a 20.00 h Curtametraxes galegas

—*Pura* (25min) Carmen Méndez

Unha muller volve á casa para lembrar(se) e recoñecerse. Colle unha cámara e filma por primeira vez. O retrato da súa nai e da súa avoa é tamén o seu propio retrato. Grazas a elas reconcíliase co lugar e os recordos.

—*Alboroque* (14min) Dir. Sabrina Fernández

Brigadas activistas organizan unha resistencia ecolóxica contra as plantas invasoras e a maleza descoidada que

rodea as aldeas en Galicia. As limas que utilizan para afiar as súas motoserras proceden dunha fábrica de metal de Suíza. A través destes dous territorios desenvólvese unha narrativa inesperada, moldeada pola migración e o activismo ecolóxico, que entrelaza o persoal co político.

—*Platónico Platónica* (9min) Dir. Xacio Balo

Que é o amor? Como o imaxina unha intelixencia artificial? Ante unha cuestión plenamente contemporánea, Xacio Baño constrúe un ensaio visual sobre a semiótica da imaxe.

—*Sandwich cat* (10min) Dir. David Fidalgo Omil

Un día calquera. David está tirado no sofá vendo a súa serie favorita: unha fantasía cristiá, mentres Sandwich Cat fai das súas. David vai ao baño... e comezan a ocorrer cousas estrañas, tremores e apagamentos. Ao saír, unha intensa luz cóbreo todo e cae ao chan desmaiado. Esperta cos lambidos de Sandwich Cat. Levántase e senta no sofá, aínda un pouco apavado, mentres escoita unha voz estraña. Dáse conta de que é o gato quen lle fala. Entre a incerteza e estupefacción de David, Sandwich Cat explícase: Es un extraterrestre que intercambiou a mente coa do seu gato. Pasará un día con David e, segundo o que observe e escoite, decidirá se destrúe ou non a especie humana. David, como non podía ser doutra maneira, alucina!





# COMPOSTELA EN LUZ

Do 28 de novembro ao 6 de xaneiro a luz do Nadal cobre as rúas e os lugares do concello. Á tradicional iluminación engádense propostas luminosas en diferentes puntos de Compostela.

## OBRADOIRO

O corazón do xardín das 8 puntas loce a tradicional árbore de Nadal, unha árbore de 20 metros integrada nun espazo para o lecer da cativada. Xunto a esta árbore, a praza conta con espectáculo luminoso na fachada do Pazo de Raxoi.

## LUCES E ESTRELAS NA QUINTANA

A compostelá estrela de 8 puntas é a protagonista da intervención realizada nunha das paredes da emblemática praza, facendo que brile este Nadal con luz propia.

## O TOURAL E CERVANTES

Un paraugas de grilandas instalado en cada unha das fontes das prazas do

Toural e Cervantes programado para realizar espectáculos luminosos cada cinco minutos.

## COMPOSTELA DAS ESTRELAS

Durante un mes completo, o noso parque máis insigne lucirá unha iluminación artística especial. O paseo da Ferradura da Alameda brillará máis que nunca coa instalación luminosa que simula unha congostra rodeada de árbores polas que penetra a luz da Lúa e as estrelas da Vía Láctea, coma se fose un bosque sacro.

Xunto a estas propostas tamén se conta con diferentes proxeccións e elementos luminosos na praza Roxa, na Porta Faxeira e en Bonaval.

# SONS NA PRAZA ROXA

## SON XOVE

**Programación de concertos de bandas  
do Centro Xove da Almaciga.**

**12 de decembro ás 20.00 h**

**—Jam de Nadal**

As bandas do Centro Xove mestúranse para versionar temasos!

**18 de decembro ás 20.00 h**

**—Xalundes**

Apostamos polo rock nacional, polo funk máis crudo e polas ganas de sentir a música en vivo. Vimos dalgunhas para chegar a ninguens e, se vides con nós encontrarédesnos Xalundes.

**—W3ird Nois3**

Weird Noise é un power trío de Santiago de Compostela influenciado polo hard rock dos 70 e 80 mesturado con algo de funk e grunge dos 90. Unha formación de influencias clásicas que sorprenderá a moitas persoas coas súas pegadizas cancións.

**19 de decembro ás 20.00 h**

**—Patrik**

Patrik é una cantautora nacida en Xaén. Influenciada polo duende andaluz creceu entre compases de amálgama, noites de guitarra e canto nos barrios da rúa La Luna. A día de hoxe afincada en Galicia, a súa base artística nace do country e o blues. Compositora das súas letras cantadas en inglés e ritmos

á guitarra, que sempre a acompaña. Trata temas protesta fronte ás inxustizas sociais e superación persoal en procesos vitais.

**—Paula Ferraz**

Nacida musical e bioloxicamente en Marbella, esta cantautora malagueña de raíces portuguesas e chinesas encontra en cada lugar no que está un sitio do que facer casa. Paula Ferraz plasma nas súas letras as súas experiencias como mellor sabe, reflectindo a súa propia personalidade nelas. Honesta(s), directa(s) e sen medo a contar as súas vivencias tal e como son, así son esta artista e as súas cancións. Queredes entrar no seu mundo?

**26 de decembro ás 20.00 h**

**—Bareixa**

Bareixa nace en Compostela nunha converxencia entre o tradi, o rock alternativo e o pop fusión cun estilo propio e cunha aposta urxente pola música en galego.

**—Allo Negro**

A banda está composta pola mestura de músicos de blues con ampla traxectoria e novos talentos. Composicións propias en galego cunha base clásica de blues, referencias claras aos anos 50 e 60 (BB King, Lee Dorsey ou Louis Jordan) e sonoridades de soul máis moderno como poden ser as bandas: Monophonics, Michael Kiwanuka ou Maiiah & the Angels of Libra.

## SON VERMÚ

**Concertos de grupos galegos para os mediodías dos sábados de Nadal**

### LIDIA INDIA

**6 de decembro ás 13.00 h**

Lidia India tece cancións onde a música de raíz galega se encontra cos ritmos do mundo. Cantante, percusionista e compositora ferrolá, caracteriza o seu estilo a fusión de instrumentos tradicionais, percusión orgánica e pinceladas de electrónica. A súa música combina emoción, retranca e baile colectivo, nunha proposta sen ataduras. Presenta o seu novo espectáculo “Orixes” en formato trío.

### UNTO VELLO

**13 de decembro ás 13.00 h**

Grupo de música tradicional que nace das recollidas de música tradicional galega que fan os seus integrantes, Bieito Pereira e Xabi Gómez, como unha homenaxe ás cantareiras e aos seus saberes que convida ao baile e á comunidade. As súas pezas teñen arranxos musicais propios, e suman o acordeón á sonoridade da voz e da percusión tradicional. No seu primeiro ano de traxectoria, recibiron nomeamentos a premios como os Youtubeiras 2025 e os Martín Códax na categoría de música tradicional e ofreceron máis de 25 concertos en lugares como a Sala Capitol ou o Ponte Farruca.

### SOFÍA ESPÍÑEIRA

**20 de decembro ás 13.00 h**

Artesá de cancións, creadora e artista multidisciplinar, as súas composicións combinan o latexo das músicas do mundo coa canción de autora máis

espida. Presenta agora o seu novo disco, *Xeografías*, un relato que fala de travesías utópicas, de raíces, de fronteiras e éxodos; temas universais que nos atravesan dende o máis íntimo ata o comunitario e o político. Ao vivo, Alén Kendelman na percusión e Yudit Almeida no contrabaixo, completan este trío acústico que explora as sonoridades e as rítmicas da raíz galega e a latinoamericana.

### LAURA LAMONTAGNE

**27 de decembro ás 13.00 h**

Cantante e compositora galega que entrelaza poesía e música nunha voz singular que une tradición e modernidade. Nada en Lugo, medrou entre os escenarios do *slam poetry* e as influencias folk, atopando na palabra falada un espazo persoal de expresión artística. LaMontagne crea paisaxes sonoras onde a intimidade se volve colectiva, o ancestral se reimaxina e a poesía se transforma en canción. Presenta o seu último EP *Live en Punta Nariga*, acompañado dun fermoso vídeo en directo que serve de introdución a esta nova etapa da súa carreira.

### LAW

**3 de xaneiro ás 13.00 h**

A artista viguesa LAW presenta *Lo Esencial*, o seu primeiro EP, un traballo no que amosa a súa versatilidade musical e madurez artística, combinando cancións urbanas con ritmos reggae, bases electrónicas e letras cargadas de mensaxe social, espiritualidade e forza interior. Coa forza da súa voz e unha posta en escena que combina instrumentación en vivo, electrónica e enerxía colectiva, LAW reivindica o esencial como un camiño de volta ao humano.



Compostela  
Cultura

# Este Nadal agasalla Compostela Cultura

- 01 Merca as túas entradas en **compostelacultura.gal** ou no despacho de billetes\*.
- 02 Se as mercaches na web, **imprime** as entradas.
- 03 Pasa polo **despacho de billetes\*** e recolle o sobre e o tarxetón.
- 04 Mete as túas entradas dentro e... **agasalla Compostela Cultura!**

(\*)

Despacho de billetes do TEATRO PRINCIPAL aberto de martes a sábado (+días de evento) de 18.00 a 21.00h (ou desde 1h e media antes do evento).

Despacho de billetes do AUDITORIO de Galicia, aberto so días de evento desde 1h e media antes de que comece.

**compostelacultura.gal**




CONCELLO DE  
SANTIAGO




---

# **UN ANO MÁIS PRESUME DE ESTRELA**







## Teatro Principal

Rúa Nova, 21

981 542 347 (oficina)

981 542 349 (billetes)

Correo electrónico:

teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

## Auditorio de Galicia

Avda. do Burgo das Nacións, s/n

Teléfono: 981 552 290

## Zona C. Punto de Información Cultural

Preguntoiro 1 (Praza de Cervantes)

De martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h

Teléfono: 981 542 462

## Turismo de Santiago de Compostela

Rúa do Vilar, 63

Teléfono: 981 555 129

Correo electrónico:

info@santiagoturismo.com

## Espazo Apego

Rúa da República do Salvador 12 - entlo.

Teléfono: 981 542 40

🌐 santiagoodecompostela.gal

✉️ @PazodeRaxoi

📘 concellodesantiago

📷 concellosantiago

🌐 santiagoturismo.com

✉️ @santiagoturismo

📘 TurismodeSantiago

📷 @santiagoturismo

🌐 compostelacultura.gal

✉️ @CCultura

📘 CompostelaCultura

📷 @compostelacultura

🌐 comerciolocalsantiago.gal

✉️ @ComercioStgo

📘 ComercioSantiago

📷 comercioStgo

🌐 delingua.santiagoodecompostela.gal

+ INFO



**Edición:** Concello de Santiago

**Diseño e maquetación:** Igráfica

**Imprime:** Gráficas Alonso

Santiago de Compostela, 2025

#compostelaaestreladonadal